

PLAN DIXITAL

CEEPR Aceesca
36017031

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

Datos básicos do centro

Nome: CEEPR Aceesca

Localidade/Concello: Torneiros / O Porriño

Dirección: Torneiros Ribeira, Pol. III (24 A-B), C.P.: 36410, O Porriño

Código do centro: 36017031

Teléfono: 986332672

Correo electrónico: ceepr.aceesca@edu.xunta.gal

Titularidade: Aceesca, Asociación de Apoio a Persoas con Diversidade Intelectual, Concertada.

Páxina web: <https://aceesca.com/>

Oferta Educativa: Centro de Educación Especial / Modelo de intervención: Calidade de Vida

- EBO
- Programa Transición á Vida Adulta

Nº de alumnado: 28

Profesorado: 9

1.1. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Centro de Educación Especial está emprazado en Torneiros-Ribeira (Porriño) e forma parte da Entidade sen ánimo de lucro Aceesca, Asociación de apoio a Persoas con Diversidade Intelectual. Na entidade se inclúen diferentes áreas, como é a Área de Infancia e Xuventude, da que formamos parte, a Área de Adultos cun centro ocupacional e un centro de día para persoas con diversidade intelectual e, a Área de Emprego, cun Centro Especial de Emprego sen ánimo de lucro e a Área de Familias.

Ten carácter provincial e acolle a alumnos dunha gran dispersión xeográfica: Porriño, Mos, Redondela, Tui, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Mondariz, Pontearreas, As Neves e Vigo.

Dispoñemos de 8 unidades de atención á diversidade, que se sitúan en 2 edificios de planta baixa adaptados para os alumnos con mobilidade reducida.

As características do propio centro e en especial as dos alumnos, con necesidades educativas especiais permanentes fan que sexa un referente na escolarización para as familias da contorna que teñen esta necesidade.

O Plan Dixital é para nós una ferramenta para favorecer o uso dos medios dixitais tanto no proceso de ensinanza-aprendizaxe coma nos procesos de comunicación na comunidade escolar, avaliando necesidades e establecendo obxectivos de mellora.

No contexto social do centro, contamos con familias centradas en atención rehabilitadora dos seus fillos, dando na maioría de casos prioridade a una rehabilitación física, quedando en segundo plano as necesidades ou oportunidades que poden ofrecer os medios dixitais no proceso de aprendizaxe.

1.2. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.3. Proceso de elaboración

Posta en marcha elaboración do Plan Dixital 2021_22

O Equipo Responsable de dinamización do Plan Dixital estará constituído pola Dirección do Centro e a Xefatura de estudos, sendo A Directora do Centro a Coordinadora do Plan Dixital e contando co apoio continuado e personalizado por Jacob Seijas Cal:

María José Santos Comesaña (Directora CEEPR Aceesca e coordinadora do Plan Dixital)

Juan Amil Amil (Xefe de Estudos)

Jacob Seijas Cal (que foi nomeado pola Consellería, xa entrado o curso, "mentor da Rede galega DixitalGal" no ámbito xeográfico de Tui)

Cronograma

DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE curso 2021/22: Análise da situación do centro a través da ferramenta de autoavaliación e de diagnose da Comisión Europea "SELFIE".

DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE curso 2021/22: (de xeito complementario). Test de competencia dixital CDD. Non hai resposta para realizar una valoración significativa.

DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE, en base á información recollida, deseño e redacción dos Obxectivos do Plan de Acción, por parte do Equipo Responsable de dinamización do Plan Dixital.

ÚLTIMO TRIMESTRE curso 2021/22 (MES DE XUÑO): Redacción do Plan Dixital. O Plan Dixital presentarase ó Consello Escolar, unha vez oído o Claustro

Curso 2022/23: Implementación efectiva do Plan Dixital

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Na Asociación Aceesca, todas as aulas, despachos, biblioteca, salón de actos, sala de informática están dotadas de conectividade por cable e por wifi.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado	3.8				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.9				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	4.2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado	3.5				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	3.7				

Test CDD:

O testCDD non recolle datos significativos, dado que o nivel de participación foi nulo, pensamos que a realidade do noso centro non se recolle no test e é moi difícil plasmar a situación no formato empregado.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> C2 Dispositivos dixitais para o ensino C3 Acceso a internet C5 Asistencia técnica 	<ol style="list-style-type: none"> C10 Dispositivos propiedade do centro para o alumnado C11 Fractura dixital. Medidas para identificar dificultades
	PERSONAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Bo manexo das tecnoloxías dixitais do profesorado nas súas clases 	<ol style="list-style-type: none"> D1-D2-D3 Dificultades no desenvolvemento do Personal Docente Competencia dixital do profesorado Non participa en actividades de formación organizadas pola Consellería As modalidades de formación organizadas pola Consellería non se axustan ás nosas necesidades Pouca porcentaxe de tempo adicada a ensinanza dixital Falta de tempo Dificultades para implicar ao alumnado
	PERSONAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Comunicación moi fluída mediante múltiples soportes dixitais. 	
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> C13 Traer el propio dispositivo Ten acceso a dispositivos dixitais fora do centro 	<ol style="list-style-type: none"> G6 Comentarios do alumnado sobre os traballos dos seus compañeiros G8 Documentación dixital da aprendizaxe H7 Creación de contidos dixitais Competencia dixital do alumnado
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> E4 Comunicación con la Comunidad educativa 	<ol style="list-style-type: none"> Competencia dixital das familias
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> C7 Protección de datos 	<ol style="list-style-type: none"> A2 Desenvolvemento da estratexia dixital do profesorado E3 Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe

		3. Ausencia dun plan de formación no eido dixital.
--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1.Convenio Colaboración en prestacións como centro de recursos. 2.Implantación Plan Dixital	1.Oferta de formación axeitada e actualizada na vangarda de ferramentas dixitais.
	LEXISLACIÓN	1.Nova lexislación	1.Toma de conciencia do alcance da nova normativa e medios para aplicar a norma.
	ANPA	1.Renovación da ANPA	1.Actividade da ANPA orientada a servizos asistenciais en lugar de actividade orientada a melloras de servizos educativos
	OUTRAS ENTIDADES	1. El centro colabora con outros centros e Organizacións	1.Estratexia dixital por cada centro, sen ningún apartado de desenvolvemento dixital en rede.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora:		ÁREA A - Liderado			
OBXECTIVO 1: (1)	Empregar AbalarMobil como ferramenta comunicativa entre a comunidade educativa.			Acadado	
Responsable:	Dirección educativa.			Non	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe do profesorado que emprega a aplicación ABALAR coas familias e o resto do profesorado.				
Valor de partida: (3)	0%				
Valor previsto e data: (4)	60%		Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO1.1: Reunión informativa das accións que se levarán a cabo durante o curso 2022/23 dentro do Plan Dixital de Centro.	Equipo directivo.	Setembro 2022.	Salón de actos. Equipo Plan Dixital de Centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Formación do profesorado sobre a ferramenta AbalarMobil.	Coordinador TIC.	Curso 2022-2023.	Profesorado especializado. Aula de informática equipada.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Formación ás familias sobre o emprego de Abalar Mobil durante a reunión de inicio de curso.	Titores.	Novembro 2022.	Aula con encerado dixital. Profesorado titor.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A dirección do Centro, O Xefe de estudos e equipo docente (9 profesionais) e as familias do alumnado de Aceesca necesitarán do espazo do salón de actos, con canon e ordenador portátil xa existente en Aceesca para adquirir competencias de uso da ferramenta Abalar.

4. Avaliación do plan

Obxectivo: Empregar AbalarMobil como ferramenta comunicativa entre a comunidade educativa.

Accións	Responsable	Temporalidade de execución	Recursos	Indicadores avaliación
AO1.1: Reunión informativa das accións que se levarán a cabo durante o curso 2022/23 dentro do Plan Dixital de Centro.	Equipo directivo.	Setembro 2022.	Salón de actos. Equipo Plan Dixital de Centro.	Reunión realizada na primeira semana de setembro
AO1.2: Formación do profesorado sobre a ferramenta AbalarMobil.	Coordinador TIC.	Curso 2022-2023.	Profesorado especializado. Aula de informática equipada.	Uso da ferramenta Abalar coas familias. 60%. Avaliación marzo e xuño.
AO1.3: Formación ás familias sobre o emprego de Abalar Mobil durante a reunión de inicio de curso.	Titores.	Novembro 2022.	Aula con encerado dixital. Profesorado titor.	Acción formativa a familias realizada. Uso da ferramenta Abalar, 60%.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital de Aceesca presentarase por correo electrónico ao Claustro e ao Consello Escolar e estará visible na web de Aceesca.

Presentarase ás familias do alumnado na reunión de inicio de curso 2022-2023.